



Vogais do Consello Asesor do Museo de Pontevedra

Menchu Lamas Pérez

Vigo, 1954

Artista de proxección internacional, é autora dunha pintura de carácter emblemático cunha persoal iconografía, caracterizada pola intensidade cromática.

Estudou Deseño Gráfico na Institución Artística de Enseñanza (IADE) de Madrid e pronto se integrou en 'Atlántica', que marca o inicio da súa proxección. As súas obras foron seleccionadas para importantes mostras internacionais. No continente americano estivo presente en Brasil (Bienal de Sao Paulo) e nos Estados Unidos (*Five Spanish Artists* en Nova York, *Currents* no ICA de Boston). En Europa a súa obra exhibiuse en museos e galerías de numerosas cidades, entre elas, Bruxelas e Gante (*Europalia*), Viena (*Art d'Aujourd'hui-Art de Femmes*, Musée du 20^eme Siècle), París e moitas cidades alemás, entre elas, Bonn, Colonia, Múnic, Hamburgo, e coas mostras *Caleidoscopio Español* e *Spansk-Egen-Art* percorreu diferentes museos escandinavos.

O Centro Galego de Arte Contemporánea dedicoulle unha mostra en Santiago de Compostela e, ao mesmo tempo, tivo lugar outra en Milán (Fundación Stellite) e, máis tarde, en Nápoles e Roma.

A súa obra está representada nas coleccións públicas e institucionais máis importantes do Estado, como o Museo Reina Sofía de Madrid, Museu d'Art Contemporani de Barcelona (MACBA), Centro Atlántico de Arte Moderno (CAAM), Museo Extremeño e Iberoamericano de Arte Contemporáneo (MEIAC), Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), Museo Patio Herreriano, Fundació La Caixa, Parlamento Español, Parlamento de Galicia, Fundación Thomas de Munich, Fundación Juan March e outros museos e coleccións públicas.

Máis recentemente celebra a exposición 'Colores nómadas' no Museo ARTIUM de Vitoria e participa na exposición 'El poder del arte' organizada polo Museo Reina Sofía no Parlamento español para celebrar os 40 anos da Constitución.

En 2010 recibiu o Premio de Cultura de Galicia en artes visuais, e no ano 2018 ingresa na Real Academia Galega de Belas Artes de Galicia.

COMPETENCIAS

- ✓ Artista
- ✓ Arte contemporánea
- ✓ Exposicións



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

